



FAME CERO

OBXECTIVOS

- Entender a **necesidade de proporcionar alimentación sa** para nenas e nenos no mundo.
- **Coñecer realidades de escaseza** diferentes ás nosas.
- Formar parte dunha comunidade **concienciada pola xustiza e a equidade**.

COMPETENCIAS

A comunicación lingüística, a **escoita**, a interacción co grupo, a **participación** e a busca de información facilitan a comprensión e a **expresión de pensamentos e sentimentos**.

CONTIDO

É a emerxencia alimentaria unha noticia?, **É unha noticia a fame de nenas e nenos?** A falta de alimento saudable é a vida real e diaria de moitas nenas e nenos, parámonos a reflexionar e...
ESCOITAMOS QUE SENTIMENTOS SAEN DE NÓS.

ACTIVIDADE

A profesora realiza grupos de cinco participantes que buscan información sobre a **SITUACIÓN DA INFANCIA no YouTube de Save the Children**.

Finalizada a busca de información, cada grupo convértese nun grupo de escoita. Cada persoa do grupo é protagonista na **expresión do que sente** durante 3 minutos. Cando cada protagonista está na expresión, hai escoita, aceptación e comprensión por parte do resto do grupo.

Finalizada a expresión en pequenos grupos, **facemos un intercambio na aula sobre como nos sentimos ó tentar entender a persoas en situacións complexas** e diferentes ás nosas. Recollemos as ideas por escrito.

Necesitas: sala de ordenadores ou realizar a visualización de vídeos como tarefa para casa, papel continuo e rotuladores.



EDUCACIÓN DE CALIDADE

OBXETIVOS

- Entender a **educación como base fundamental para saír da pobreza**.
- Considerar a educación de calidade un **dereito** de todas as nenas e nenos do mundo.

COMPETENCIAS

A **comunicación xestual, a expresión oral** e a escoita posibilitan a comprensión, a creatividade, a expresión de contidos e os pensamentos individuais e de grupo.

CONTIDO

Na aprendizaxe educativa atopamos correlación entre aprendizaxe educativa e os valores positivos para un bo futuro. Adentrámonos na educación de calidade en primeira persoa, elaboramos receitas para un bo futuro e debuxamos o merecido impulso da educación de calidade, tomando como pauta as seguintes **premisas educativas**:

Se aprendo a ler, podo escoitar o mundo.

Se aprendo a escribir, podo contar ó mundo.

Se aprendo a pensar, podo reflexionar sobre o mundo.

Se aprendo a escoitar, podo entender ó mundo.

Se aprendo a entender, podo opinar sobre o mundo.

Se aprendo a opinar, podo participar no mundo.

Se aprendo a participar, podo mellorar o mundo.

Se aprendo a sentir, podo cambiar o mundo.

ACTIVIDADE

A profesora realiza grupos de traballo na aula, cinco participantes por grupo, a cada grupo asígnalle ó azar unha estrutura para **debuxar e proxectar nesta as premisas educativas presentadas** nos contidos sobre calidade da educación.

A profesora reparte estruturas ó chou por grupos: unha escaleira, unha espiral, unha ruleta, unha hélice, unha grada, unha pirámide...

Os grupos comezan o seu traballo **consensuando debuxos e reflectindo o contido** das premisas educativas nas estruturas para realizar unha exposición aberta á comunidade educativa que leva por título “Queremos educación de calidade para todas as nenas e nenos do mundo = A educación, unha chave fundamental para saír da pobreza”.

Necesitas: papel continuo, cartolinas, premisas educativas, rotuladores, pinturas, lapis, regras, compás, espazo para a exposición...



IGUALDADE DE XÉNERO

OBXECTIVOS

- Ter conciencia do **respecto e o coidado como forma de relación e comunicación** entre a diversidade de xéneros.
- Manifestar o **rexeitamento a todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres**.

COMPETENCIAS

A expresión plástica e xestual, a **reflexión**, a **escoita** e a análise de diversas situacións das mulleres no mundo aportan a **toma de conciencia doutras realidades** e a construción dunha actitude positiva e respectuosa, favorecedora da convivencia en igualdade de trato e coidado entre persoas de diferente xénero.

CONTIDO

O abuso e a falta de respecto converte ás diferenzas de xénero e a diversidade sexual nunha desvantaxe que se pon de manifesto nas realidades de violencia, embarazos non desexados, abandono da escola, matrimonios forzados...

É importante saber que, se hai abuso do corpo feminino, se se abusa do xénero feminino desde que nace, se se explotan os trazos e virtudes femininas para manter o privilexio masculino, se se obvian as necesidades femininas e infravaloramos os seus trazos... estamos denigrando, infravalorando e explotando a máis do 50% da poboación mundial.

ACTIVIDADE

A profesora crea grupos de traballo de 5 participantes; cada grupo aporta pasos para reconstruír a vida que debería ser. **Crean historias en forma de banda deseñada onde a vida de nenas e mulleres volva a ter ilusión, situacións onde a igualdade e o respecto se converten en realidade.**

Repártense por grupos historias a reconstruír: “María ten 12 anos, seu pai é agresivo con ela e con súa nai”, “Aaqila é afgá, ten 8 anos e tivo que abandonar a escola pola guerra e a violencia que hai no seu país”, “Abeba ten 11 anos, obrígana a casar sen o seu consentimento porque son moi pobres na súa familia”, “Xoana foi violada e ten un embrazo non desexado”, “Isabel ten 14 anos e o seu noivo vixíalle o móbil”...

Para finalizar realizamos unha **posta en común**, exposición do traballo e da creatividade desenvolvida. Tamén é interesante realizar unha **exposición do centro** cos traballos realizados nos diferentes grupos e aulas.

Necesitas: bolígrafo, lapis, papel, folios, cartolinas, papel continuo, rotuladores, pinturas, espazo para exposicións no centro escolar...



MOBILIZACIÓN, CULTURA DE PAZ E CIDADANÍA GLOBAL

OBXECTIVOS

- Apreciar **formar parte dunha comunidade activa e global a favor da paz.**
- **Descubrir actitudes e accións** en favor da cultura de paz.

COMPETENCIAS

Tomamos parte activa pola paz, canalizamos a expresión, o fluír das palabras, **unimos accións individuais e colectivas** para chegar á toma de responsabilidade pola construción de comunidades máis xustas, dignas e pacíficas.

CONTIDO

Necesitamos unha mobilización escolar pola paz. Tras a guerra, os desastres, a violencia e os conflitos bélicos, moitas nenas e nenos están expostos a vivir sen comida, sen auga, ver á súa familia nerviosa, sentir o medo e a morte.

Moitas veces, nenas e nenos descoñecen as ferramentas para expresarse e verbalizalo, queremos destecer a violencia, **buscamos palabras que poidan poñer fin á violencia e sinalamos que as accións son o resultado dunha comunidade.** Se cada quen coopera co seu bo facer, esa comunidade medrará. É importante participar en accións onde formemos comunidade para apoiar que as nenas e os nenos teñan oportunidades de vivir con dignidade, xustiza e paz.

ACTIVIDADE

“Aderezamos a paz”. A profesora reparte a cada participante da clase unha **letra do abecedario coa que completar unha palabra que apoie a cultura de paz.** Cada participante realiza coa palabra a creación dun mandil pola paz.

Cos mandís decorados, organizamos por grupos de traballo un almuerzo colaborativo e solidario pola paz no centro escolar ou no municipio. Os mandís poden ser intercambiados polo valor económico e/ou poxados en apoio ós proxectos solidarios de Save the Children.

Necesitas: teas para reciclar, pintura, rotuladores de tela, pintura de tea, cordón, fío e agullas, produtos para a organización dun almuerzo solidario.

REFLEXIONAMOS SOBRE O QUE APRENDEMOS

- Sabemos a importancia de coñecer todos os factores que inciden nun suceso ou problema? Creemos que é fundamental tratar de entender antes de emitir opinións?
- Entendemos a educación de calidade como unha ferramenta para xerar cambios significativos na vida dos nenos e nenas?
- Traballamos o importante que é defender a igualdade entre homes e mulleres e como o respecto e a dignidade deben estar por riba das nosas diferenzas?
- Entendemos a paz como algo que construímos entre todos a partir do diálogo e a empatía?